

MARASMIELLUS TRICOLOR (ALB. ET SCHWEIN.: FR.) SINGER, UNHA ESPECIE POUCO FRECUENTE RECOLLIDA EN GALICIA

por
O. REQUEJO*

REQUEJO, O. 2013. *Marasmiellus tricolor* (Alb. et Schwein.: Fr.) Singer unha especie pouco frecuente recollida en Galicia *Mykes* 16: 19-23.

RESUMO:

Descríbense varias coleccións de *Marasmiellus tricolor* (Alb. et Schwein.) Singer, ademais apórtase material gráfico dos exemplares estudados e apuntamentos sobre o hábitat.

Palabras clave: *Marasmiellus*, *Basidiomycota*, Galicia.

REQUEJO, O. 2013. *Marasmiellus tricolor* (Alb. et Schwein.: Fr.) Singer, a rare species found in Galicia. *Mykes* 16: 19-23.

SUMMARY:

Description of several collections *Marasmiellus tricolor* (Alb. et Schwein.: Fr.) Singer with photographs of the studied specimens and notes on the habitat.

Key words: *Marasmiellus*, *Basidiomycota*, Galicia.

INTRODUCCIÓN

O xénero *Marasmiellus* Murrill provén da antiga sección *Rameales* do xénero *Marasmius* Fr. Nesta sección emprazáronse as especies marasmioides con pileipelis tricodérmica, formada por hifas ramificadas ou fortemente diverticuladas (ANTONÍN et al., 1997). Na actualidade pertence á familia *Marasmiaceae* (*Agaricales*, *Basidiomycota*) na que se inclúen unhas 250 especies (KIRK et al., 2008). As revisións bibliográficas realizadas en Galicia tan só recollen a presenza de catro delas, *Marasmiellus candidus* (Fr.) Singer, *M. omphaliiformis* (Kühner) Noordel.,

* San Xurxo, A Laxe nº12B, Salceda de Caselas E-36473-Pontevedra. e-mail: oscarequejo@hotmail.com
Membro do Grupo Micológico Galego Luís Freire

M.ramealis (Bull.: Fr.) Singer e *M.vaillantii* (Pers.: Fr.) Singer (SOLIÑO et CASTRO, 2005; RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ et CASTRO, 2011).

METODOLOXÍA

A descrición macroscópica dos exemplares e do hábitat proveñen de anotacións tomadas en fresco durante a recollida, así como das fotografías. O estudo microscópico fíxose co material previamente deshidratado, e os reactivos usados foron basicamente: Vermello Congo e KOH (10%), utilizando uns microscopios Nikon E100 e Nikon YS100 con obxectivos de 40x e 100x e oculares de 10x. As medicións e fotografía das estruturas máis relevantes se fixeron mediante o programa ProgRes® CapturePro 2.7 asociado á cámara dixital Jenoptic CT3. As *exsiccata* atópanse depositadas no herbario persoal do autor (REQ-Fungi).



Fig. 1. *Marasmiellus tricolor* (REQ-Fungi 387).

DESCRICIÓN DO TAXON

***Marasmiellus tricolor* (Alb. et Schwein.: Fr.) Singer, Pap. Michigan Acad. Sci., Part 1, 32: 128. 1948 (1946)**

Macroscopía: Píleo que apenas chega aos 10 mm de diámetro, hemisférico, acampanado en algún exemplar, na madurez aplanado ou hemisférico. Superficie pruinosa, non estriada, de cor branca ou crema rosada, con algunha zona ocre, máis neta na parte central. Láminas inicialmente brancas, ao madurar ocre alaranxadas ou ocre rosadas, anchamente adnadas ou decorrentes, en

número de 10-12, recubertas dunha pruina branca. A aresta, en estado novo é un pouco mais branca co resto, e na madurez con cor.

Pé de 5-10 x 1-1,5 mm, cilíndrico, liso, de cor branca coa base negra ou gris e lixeiros tons verdosos (tricolor), que habitualmente alcanzan

ata un cuarto do pé; pero observáronse exemplares nos que chegaba ata tres cuartos. O pé está recuberto por una fina pruína branca, aínda que cara a base forma pequenas escamas. Base ensanchada e algodoosa. Tanto o píleo como o estipe tórnanse lixeiramente ocre alaranxados ao roce ou na desecación.



Fig. 2. *Marasmiellus tricolor*
(REQ-fungi 393)

Microscopía: Basidios de $30-40 \times 7-10 \mu\text{m}$. Esporas elípsoides ou anchamente fusiformes, de $10-11 \times 5-6 \mu\text{m}$, cunha gran gútula central. Na pileipelis obsérvase unha capa superficial de hifas recubertas de excrecencias, con ramificacións terminadas en elementos globosos, de $10-15 \times 5-6 \mu\text{m}$ e outra, de hifas ensanchadas hasta $15 \mu\text{m}$, con ramificacións. Caulocistidios de $30-45 \times 5-10 \mu\text{m}$, case ausentes, polimórficos, coraloides con estruturas rameais, abundantes excrecencias e elementos apicais ensanchados. Fíbulas presentes en tódalas estruturas observadas.

Material estudado: Pontevedra (Po), Tui, Caldelas de Tui, Fonte dos Gatos, 29TNG3527, en bosque de *Pinus pinaster* co sotobosque apenas vexetado, sobre raíz de gramínea, 28-V-2012, M.Domínguez Rey e O.Requejo, REQ-Fungi 387. Salceda de Caselas, Soutelo, 29TNG3418, en camiño de terra, sobre raíz de gramínea, 3-VI-2012, O.Requejo, REQ-fungi 393. Salceda de Caselas, Río Caselas, A Laxe, 29TNG3696, en terra recentemente removida, entre herbas, 30-IX-2013, O.Requejo, REQ-fungi 503




Fig. 3. *Marasmiellus tricolor*: A, esporas; B, caulocistidios; C, elementos da pelis.

Observacións:

Marasmiellus tricolor pertence a sección *Tricolores* Singer e pódese considerar como unha especie rara. Non se atoparon referencias para Galicia e no resto de Europa non é común (NOORDELOOS, 1995), probablemente se deba ao pequeno tamaño dos carpóforos. Tamén por esta razón a iconografía é escasa.

Ademais, o hábitat peculiar, directamente sobre gramíneas en medios onde comeza a rexenerarse a vexetación, e a época de aparición, estival, fai que pase inadvertida. Por todo isto, créese que debe ser máis común do que reflexa a bibliografía.

En tódolos casos esta especie foi atopada en medios degradados. A colección REQ-Fungi 387, nun bosque de *Pinus pinaster* recentemente queimado, no que apenas se observaba algunha gramínea e *Erica cinerea* rebrotando. No caso da REQ-Fungi 387, medraba nas marxes dunha pista de terra recentemente ensanchada, onde comezaban a saír as primeiras herbas, así como a *exsiccata* REQ-fungi 503, tamén nunha zona recentemente removida onde o chan comezaba a poboarse de herbas, polo que pode tratarse dunha especie oportunista en zonas onde a vexetación é pioneira e medra con dificultade.

As especies europeas taxonomicamente máis próximas ou coas que podería confundirse son *Marasmiellus trabutii* (Maire) Singer, tanto a variedade tipo como a variedade *longisporus* Bas et Noordel e *Marasmiellus ramealis* (Bull.: Fr.) Singer; pero ambas presentan queilocistidios (NOORDELOOS, 1995).

AGRADECEMENTOS

A Manuel Domínguez Rey pola axuda nas tarefas de recolección e a Marisa Castro pola revisión dos textos.

BIBLIOGRAFÍA

- ANTONÍN, V., HALLING, R.E. et NOORDELOOS, M.E. 1997. Generic concepts within the groups of *Marasmius* and *Collybia* sensu lato. *Mycotaxon* 63: 359-368.
- NOORDELOOS, M.E. 1995. *Marasmiellus* Murrill. In: C.Bas, Th.W.Kuyper, M.E.Noordeloos & E.C.Vellinga (eds.). *Flora Agaricina Neerlandica. Critical monographs on families of agarics and boleti occurring in the Netherlands*. A.A. Balkema. Rotterdam. Brookfield. 3: 123-129.
- KIRK, P.M., CANNON, P.F., MINTER, D.W. et STALPERS, J.A. (eds.). 2008. *Ainsworth et Bisby's Dictionary of the Fungi*. 10th Edition. CAB International. Wallingford (UK).
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. et CASTRO, M.L. 2011. Actualización do catálogo micolóxico galego (*Agaricomycotina*, *Basidiomycota*) *Mykes* 13: 33-136. [2010].
- SOLIÑO, A. et CASTRO, M.L. 2005. Coroloxía e fenoloxía dos macromicetos galegos: modelo dun sistema informático de información. *Mykes* 8: 7-22.